

## O Banco Santander réndese ante a mobilización da CGT



A CGT da Coruña comunica que, tras meses de mobilizacións, o Banco Santander aceptou retirar o traslado forzoso do compañeiro Carlos, que fora obrigado pola empresa a trasladarse desde Ferrol ata Viveiro, a 120 quilómetros do seu domicilio, A Coruña.

Carlos está a prestar os seus servizos en xornada reducida por conciliación laboral, xa que ten que coidar dunha filla pequena. Cando pechou a sucursal na que traballaba, en lugar de recolocalo como aos seus compañeiros, foi destinado forzoso a Viveiro. Carlos pediu ser destinado a Coruña, que é onde vive, varias veces durante os últimos anos, sen que a empresa atendese a súa petición a pesar de haber prazas vacantes.

Onte, día 12, tiña que ser o xuízo do caso. Previamente á vista, a empresa, tras facer varios ofrecementos económicos para que Carlos abandonase o banco, que foron rexeitados polo traballador, acabou ofrecendo a retirada do traslado, que si foi aceptada.

Para a CGT, con esta decisión o Banco Santander repara só parcialmente a inxustiza cometida con Carlos, xa que seguiremos reclamando que o compañeiro sexa destinado a Coruña canto antes. Soamente a teimudez da empresa provocou esta situación esperpéntica.

Para a CGT, o resultado desta loita demostrou que esta serve e que a mobilización pode ser eficaz se é constante e non se desfalece.

**A LOITA DE CARLOS É A DE TOD@S!  
CARLOS Á CORUÑA, XA!**

Comité Local da CGT da Coruña